

Actualización información Viaxe Francia 2020 1º BAC

1. O **luns 09/03/2020**, solicitamos a modificación de datas para a viaxe a Francia, propoñendo 2 datas: finais de Xuño ou inicio do curso 2020-21. Tras valorar nun primeiro momento as 2 opcións, dende o IES Rego de Trabe, considerabamos que era máis oportuno retrasar a viaxe a setembro, para así asegurarnos dunha correcta evolución da situación actual.

2. O **martes 10/03/2020** dende a axencia de viaxes, nos informan de gastos asociados para modificar as datas, xa que a pesares da delicada situación sanitaria actual, non hai restriccións oficiais de voar a Francia, polo que as compañías aéreas ampáranse nesa circunstancia para non reembolsar dita parte importante da viaxe. Si que nos permitirían modificar datas en Disney, Hotel, Castillo de Amboisse, pero non así na Torre Eiffel.

3. Ante tal situación, informamos dunha **reunión** para o xoves 12/03/2020 que posteriormente nos vemos na obriga de pospoñer para o venres 13/03/2020.

5. O **xoves 12/03/2020**, a **Xunta de Galicia** decretou unha *serie de medidas a adoptar en todos os centros de ensino en relación coa pandemia covid-19* para os vindeiros 14 días dende o luns 16 de marzo, entre elas podemos ler: ***"suspéndense no ámbito educativo todas as viaxes de estudos, excursións, ou calquera tipo de desprazamento de grupos de alumnado ou profesorado"***.

6. Por todo isto, semella que xa hai restriccións oficiais e que ante este novo escenario, as compañías aéreas deberían ter que facer o reembolso total, por causa de forza maior.

Xa lle temos trasladado a Axencia de Viaxes a necesidade da **cancelación da viaxe sen modificación das datas**. É o máis responsable dadas as circunstancias actuais.

7. Sen embargo, dende **a axencia nos informan** que neste momento, mentras non exista prohibición por parte do Goberno, as compañías aéreas seguen utilizando dita circunstancia para non devolver a parte correspondente ós vos.

8. Tamén nos transmiten que as **rifas vendidas e os cartos gañados**, con independencia da cantidade final reembolsada, non terán que ser devoltos, e que o sorteo se celebrará según estaba fixado.

9. Agora **cómpre ter paciencia**, xa que a situación actual cambia cada hora, esperando que se poida confirmar oficialmente o reembolso da totalidade da viaxe.

10. Debido ás dificultades de facer unha reunión coas novas recomendacións, e tendo en conta que o centro non ten actividade lectiva ata o 30 de marzo, ante calquera tipo de dúbida: **rzdtutoria@gmail.com**

Atentamente.

Roberto Zuluaga Diaz

En Culleredo, a 13 de marzo de 2020